



Compostela  
Cultura

# VIAXES

**Real Filharmonía de Galicia**

Temporada de abono 2021-22

---

**XOVES 4**

**NOVIEMBRE 2021**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

## **Músicos errantes**

Marc-Leroy Calatayud Director

Esteban Batallán Trompeta

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Marc-Leroy Calatayud Director

Esteban Batallán Trompeta





# PROGRAMA

RICHARD STRAUSS (1864-1949)

Ariadna en Naxos: Abertura e Danza

FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Concerto de trompeta en Mi b M, Hob.VIIe

*Allegro*

*Andante*

*Finale: Allegro*

Esteban Batallán, trompeta

ESTEBAN BATALLÁN (1983)

Nightfall

Esteban Batallán, trompeta

RICHARD STRAUSS (1864-1949)

Intermezzo, TrV 246, op. 72: Catro interludios sinfónicos, TrV 246a

*Reisefieber und Walzerszene (Travel Fever and Waltz Scene)*

*Träumerei am Kamin (Dreaming by the Fireplace)*

*Am Spieltisch (At the Card-Table)*

*Fröhlicher Beschluß (Happy Ending)*

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

#### Director artístico titular

Paul Daniel

#### Principal directora convidada

Joana Carneiro

#### Director asociado

Maximino Zumalave

#### VIOLÍNS I

Teimuraz Janikashvili  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Ildikó Oltai  
Yulia Petrushevskaya  
Victoria Jurov  
Anna Alexandrova  
Michal Ryczal  
Ilya Fisher  
Claudio Guridi  
Daniel Kordubaylo  
Daniela Lewysohn \*\*\*

#### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Kiyoko Ohashi  
Irina Gruia  
Gyula Vadaszi  
Elina Viksne  
Helena Sengelow  
Julia Filón \*\*\*  
Samira Ajkic

#### VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Anne Schlossmacher  
Ionela Ciobotaru  
Oxana Bakulina  
Iriana Fernández  
Timur Sadykov  
Álvaro Godoy \*\*\*

#### VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Carlos García  
Ana Represas \*\*\*  
Millán Abeledo  
Thomas Piel  
Alexandre Llano (R)

#### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Raquel Miguélez (R)

#### FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

#### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

#### CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

#### FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

#### TROMPAS

Alfredo Varela \*  
Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*

#### TROMPETAS

Ramón Llátser \*  
Víctor Vilariño (R)

#### TROMBÓNS

David Manuel  
Rodríguez (R)  
José Ramiro Pérez (R)  
Marcos Dorado (R)

#### TUBA

Miguel Franqueiro (R)

#### TIMBAL

José Vicente Faus \*

#### PERCUSIÓN

Marta Prado (R)  
Juan Antonio  
Vázquez (R)

#### ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

#### PIANO

Haruna Takebe (R)

\* principal | \*\* coprincipal | \*\*\* EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

### Marc-Leroy Calatayud

#### Director

---

Nacido e criado en Lausana por un pai francés e unha nai boliviana, Marc foi director asistente na Ópera Nacional de Burdeos de 2016 a 2019, onde dirixiu regularmente representacións de ópera e ballet, así como concertos sinfónicos. É membro director de orquestra da Akademie Musiktheater Heute (2018-2021) e estudou dirección en Viena e Zúric con Mark Stringer e Johannes Schlaefli. Ten participado en clases maxistrals con directores como Vladimir Jurowski e Bernard Haitink. Foi nomeado recentemente Artista en Residencia da Orquestra de Cannes para a temporada 2021-22.

Marc, un apaixonado director de ópera, goza dun amplo repertorio operístico, desde Haendel e Mozart ata Ravel, Weill e Rihm. Destacan producións de *Un elixir de amor* de Donizetti no Teatro dos Campos Elíseos, *A lenda do rei dragón* de Arthur Lavandier, de Rossini *O barbeiro de Sevilla* e de Henri Rabaud *Maruf, O zapateiro do Cairo* coa Ópera Nacional de Burdeos, e *Os sete pecados capitais* co Ensemble Nomade. Tamén ten asistido en producións de *Peleas e Melisande* e *Os hugonotes* no Gran Teatro de Xenebra, *Beatriz e Benedicto* na Ópera Nacional de Lyon, *Manon* na Ópera Cómica de París e *Jakob Lenz* no Festival

d'Aix-en-Provence. Ademais, realizou o seu debut como director de ballet en 2018 cunha produción de Klyían-Béjart-Robbins e recentemente dirixiu *Cincenta* de Prokófiev coreografiada por Sir David Bintley, e *A nena malcriada* na Ópera Nacional de Burdeos. Tamén debutou coa Ópera de Lyon en 2019 para a súa produción de *Spiral Pass*, un cartel dobre coreografiado por Russel Maliphant.

No eido sinfónico púxose á fronte do Musikkollegium Winterthur, Orquestra Nacional de Burdeos-Aquitania, Sudwestdeutsche Philharmonie Konstanz, Orquestra Sinfónica e Lírica de Nancy, Orquestra da Ópera de Limoges e Filharmónica Janáček de Ostrava. Como asistente, ten traballado con directores como Marc Minkowski, Paul Daniel, Ingo Metzmacher e Jonathan Nott.

Os vindeiros compromisos sinfónicos inclúen actuacións coa Orquestra Nacional do Capitolio de Toulouse, Orquestra de Cámara de Lausanne, Orquestra da Toscana, Ensemble Modern Frankfurt e Orquestra de Cannes. Tamén debuta coa Sinfónica de Tokio e o Ballet Nacional de Xapón, nun programa de Forsythe/Petit. Segue a colaborar en producións de ópera, debutando na Ópera de París con *Edipo* de Enescu.

# Esteban Batallán

## Trompeta

---

Nace en Barro (Pontevedra) en 1983. Comeza os seus estudos musicais aos 7 anos na Escola Municipal de Música da súa localidade natal. Posteriormente estuda no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra e no Conservatorio Superior de Música de Vigo co mestre Javier Víceiro Filgueira. En 1999 pasa a formar parte da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, onde recibe clases do mestre Javier Simó. No ano 2000 é seleccionado como membro da Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), formación na que permanece ata 2003.

Aos dezaioito anos convértese en trompeta solista da Orquesta Ciudad de Granada, posto que ocupa durante dezaseis anos. En 2018 obtén a praza de trompeta solista na Filharmonía de Hong Kong e en 2019 Riccardo Muti noméao trompeta solista da Orquesta Sinfónica de Chicago.

Ten sido galardoado en diversos certames tanto nacionais como internacionais, obtendo o primeiro premio no Concurso “Juventudes Musicales de España” (2001), Concurso Nacional de trompeta “Yamaha-Xeno” (2002), Concurso Europeo de “Juventudes Musicales Internacional” (2002) e no Concurso Internacional “Yamaha”

(2003). En 2006 participa no Concurso Internacional “Maurice André-Ville de Paris”, obtendo o cuarto premio.

Ten colaborado con diferentes orquestras sinfónicas como a Royal Concertgebouw de Ámsterdam, Orquestra do Teatro de La Scala, Orquestra de Cámara Inglesa, Orquestra Filharmónica de La Scala, Orquestra do Festival de Gstaad, Sinfónica da India, Sinfónica de Basilea, Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra de Radio Televisión Española, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquestra Nacional de Porto e Orquestra Ciudad de Barcelona i Nacional de Cataluña, entre outras.

Como concertista cómpre destacar as súas interpretacións dos concertos de Tomasi, Jolivet e Telemann coa Orquestra de Radio Televisión Española; os concertos de Haydn e Chuliá co Ensemble Orchestral de París; o concerto de Mozart coa Orquestra de Córdoba; o concerto de Jolivet coa Orquestra Ciudad de Granada; o *Concerto de Brandemburgo núm. 2* de J. S. Bach coa Orquestra Ciudad de Granada, coa Sinfónica de Varsovia e coa Geneva Camerata; os concertos de Hummel e Haydn coa Orquestra do Festival

# Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

de Gstaad; o concerto de Shostakóvich coa Concerto Grosso Frankfurt; o concerto de Aroutiunian e o concerto de Vivaldi para dúas trompetas coa Joven Orquesta Nacional de España; o concerto de Marcello coa Filharmónica de Pontevedra e o *Carnaval de Venecia* coa Brass Band Sinfónica de Vigo.

Durante estes anos ten actuado baixo a batuta de mestres do talle de Riccardo Muti, Jaap Van Zweden, Daniele Gatti, Riccardo Chailly, Zubin Metha, Alan Gilbert, Bernard Haitink, Fabio Luisi, Charles Dutoit ou Vladimir Ashkenazy, entre outros.

No campo da docencia, foi profesor convidado da Joven Academia Orquestal de la Orquesta Ciudad de Granada, Joven Orquesta Nacional de España e Orquesta Joven de Andalucía. Ao longo dos últimos anos impartiu diversos cursos e clases maxistras por todo o mundo. Entre os máis recentes cómpre salientar a 24ª Edición do Festival de Puglia (Italia), VI Festival Hércules Brass (España) e Hong Kong Academy for Performing Arts (HK APA). Desde 2020 é profesor no Chicago College of Performing Arts da Universidade Roosevelt.

## **Richard Strauss (1864-1949)**

*Ariadna en Naxos. Abertura e danza*

Óperas mestras como *Electra*, *O cabaleiro da rosa*, *A muller sen sombra* e *Ariadna en Naxos* de Richard Strauss son o resultado da súa colaboración co libretista, poeta e dramaturgo Hugo Von Hofmannsthal, na etapa máis brillante da súa carreira neste xénero. A xénese de *Ariadna en Naxos* foi complexa pois, inicialmente, pensaron en agradecer ao produtor e director de escena Max Reinhardt, o éxito d'*O cabaleiro da rosa*, cunha nova versión en alemán dunha comedia de Molière para a súa compañía en Berlín con música incidental escrita por Strauss. Finalmente, en marzo de 1911, Hofmannsthal comunicou a Strauss a idea dunha ópera na que mesturaba ópera seria e bufa, sobre a trágica historia da princesa grega Ariadna, abandonada polo seu amante Teseo na Illa de Naxos. Doente e pesarosa, personaxes da Commedia dell'Arte intentan consolala e divertila ata que é rescatada polo deus Baco e prométense amor eterno. A pesar dos desacordos entre poeta e compositor e dificultades como o pequeno tamaño do teatro de Reinhardt para acoller unha orquestra, a estrea tivo lugar en outubro de 1912, no Hoftheatre de Stuttgart coa compañía de Reinhardt, baixo a dirección musical de Strauss. O pouco éxito da proposta polas súas cinco horas de duración xunto ao elevado

custo de combinar a compañía teatral e a operística, Strauss e Hofmannsthal revisaron a peza, deixando a Molière de lado e concibindo un *Prólogo* previo á ópera, no que dan relevancia á figura do compositor, mostran a psicoloxía de cada un dos personaxes e modifican algunhas ideas musicais co director de orquestra Leo Blech. Strauss rematou a música o 20 de xuño de 1916 e a estrea vienesa, dirixida por Franz Schalk, tivo lugar o 4 de outubro. A ópera comeza cunha abertura que introduce un tema de son camerístico, interpretado pola corda, que vai medrando coa incorporación das frautas que deixan paso aos clarinetes que alternan diálogos coa corda, para derivar a outro belísimo tema coa intervención dos clarinetes, agora envoltos pola trompa e o fagot. No final, aparece un forte contraste, con música vibrante na que predomina o son da corda grave e as madeiras.

*Catro interludios sinfónicos, TrV 246a de Intermezzo*

Por primeira vez, en 1924, Strauss rompe a relación con Hofmannsthal na súa oitava ópera *Intermezzo*, pois ofrece un retrato de si mesmo e da súa esposa Pauline que ningún libretista podería ter intentado. Esta ópera lixeira en dous actos baséase nun incidente real da parella cando unha rapaza envía a Strauss, por equivocación, unha nota moi afectuosa dirixida a outro músico; a nota acabou en mans dunha



Pauline disposta a divorciarse ata aclarar o malentendido. O director de orquestra Robert Storch e a súa temperamental muller Christine personifican, case sen disimulo, ao compositor e a súa dona. Strauss abordou o tema con enerxía, un instinto teatral inequívoco e un virtuosismo lingüístico que capta a fala cotiá dos Storch, así como unha reia de personaxes secundarios. Nun limiar da partitura, o compositor escribiu sobre os seus esforzos para crear unha forma expresiva de declamación musical, o que sen dúbida conseguiu. Sen embargo, en varios momentos importantes da ópera, sentiu a necesidade de deixar que a música puramente instrumental relevara ao texto. Estes interludios instrumentais representan parte da música máis memorable da ópera e co tempo, foron arranxados polo propio Strauss nunha suite orquestral en catro movementos, case unha pequena sinfonía. Na primeira parte aparece unha tormentosa introdución seguida dun valse, que remata con suavidade para chegar a unha fermosa escena chea de sentimentos íntimos, a música efusivamente lírica, con exuberantes harmonías e fastosa orquestración. Como conclusión, un final alegre, como se o autor celebrara a resolución da desafortunada confusión e quixera marchar cunha explosión.

### **Joseph Haydn (1732-1809)**

*Concerto para trompeta en Mi bemol maior*

A composición de *Concerto para trompeta* de Haydn chega cando o trompetista da orquestra da corte de Viena, Anton Weidinger non se sinte cómodo co instrumento da época dadas as súas limitacións sonoras e, en 1792 inventa o mecanismo de chaves que lle permitía producir semitóns e tocar as mesmas melodías que os instrumentos de corda. Por iso, non sorprende que un compositor que tiña no seu catálogo máis de cen sinfonías e varios concertos para diversos instrumentos aceptara a proposta para o novo instrumento do seu amigo Weidinger. Así, en 1796, froito dunha madurez absoluta -tiña 64 anos- no dominio sinfónico e do reto de escribir para un novo e extraordinario instrumento pola súa extensión na escala cromática, xorde esta partitura brillante de conmovedora beleza introspectiva. Magnificamente orquestrado, este primeiro e último concerto para trompeta escrito por Haydn reúne un *Allegro*, no que se permite unha pequena brincadeira, deixando que o solista se una á orquestra nos tutti de apertura para unhas poucas notas tocables coa trompeta natural. Só a primeira entrada en solitario abre novos camiños, tocando notas imposibles co antigo instrumento. Desde ese momento, a trompeta canta, deslízase

cromaticamente, xoga e de cando en vez, toca unha figura de fanfarra, como recordatorio de que este novo modelo é realmente unha trompeta. O *Andante*, unha melodía que cadraría en calquera ópera de Haydn, está completamente libre de clichés de trompeta que ocasionalmente na parte solista aparece cun acompañamento menor; partes que involucran notas que no poderían ter sido tocadas previamente nunha trompeta, e polo tanto terían un significado moi diferente en 1800. Como no *Allegro* inicial, no que o desenvolvemento está escrito nunha tesitura incómoda que permite demostrar ao intérprete o seu dominio do instrumento, o último movemento en forma rondó chea de enerxía tamén permite amosar ao solista o carácter virtuosístico deste.

### **Esteban Batallán (1983)**

#### *Nightfall*

*Nightfall* (Anoitecer) nace no ano 2013, inspirada na obra *To Diz with Love* que o gran Arturo Sandoval interpretou no concerto da Boston Pops con John Williams no ano 1993, dedicada ao seu mentor Dizzy Gillespie. Inicialmente, *Nightfall*, trataba de ser o segundo movemento dun concerto para fliscorno e cordas que finalmente converteríase nesta pequena peza musical, que aínda que non chegou a ser o que inicialmente pretendía, trata de dar protagonismo a un instrumento pouco utilizado na música

sinfónica no rol de solista, o fliscorno. *Nightfall* conta o desexo máis fondo de prosperar dun novo músico, apoiándose nunha melodía sinxela, unha voz melosa e *cantabile* acompañada de forma sutil polas harmonías de violíns, violas e violoncellos, e co ritmo latente e continuo dos contrabaixos, na que se deixa espazo para meditar sobre os sentimentos máis profundos do espectador. A reedición e ampliación instrumental da obra no ano 2014, comprende a integración da sección de ventos e percusión que intercalan o xogo melódico co instrumento solista, desencadeando un diálogo máis rico harmonicamente. Na súa sección inicial, define o desexo de converterse nun próspero músico, na súa sección central a imaxinación e a procura do obxectivo, e na súa sección final, trata de encontrar o camiño cara ese lugar desexado. Esta obra está dedicada aos grandes trompetistas que inspiraron a miña traxectoria, Adolph Herseth, trompeta principal da Chicago Symphony Orchestra dende o ano 1948 ao 2004, Maurice André, gran concertista internacional do século XX e Arturo Sandoval, virtuoso solista da música afrocubana e o jazz. *Nightfall* é unha pequena homenaxe a estas grandes figuras do instrumento, un modo de agradecer e recoñecer a súa gran inspiración na procura do meu soño.



# PRÓXIMOS CONCERTOS

**Xoves 18 de novembro, 20:30 h**

## **O PEREGRINO**

CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

The Pilgrim (1923) de Charles Chaplin

Música composta por C. Chaplin en 1959 e restaurada por T. Brock en 2002

**Xoves 25 de novembro, 20:30 h**

## **EN TRÁNSITO**

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Josu de Solaun, piano

D. Pejačević: Abertura, op. 49\*

F. Poulenc: Sinfonietta, FP 141

S. Prokófiev: Concerto para piano núm. 2 en sol menor, op. 16

\*Estrea en España

**19:45 h**

## **Sala Mozart**

Conversando con...

Paul Daniel

**C**  
**Compostela  
Cultura**

### **AUDITORIO DE GALICIA**

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### **DESPACHO DE BILLETES**

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 462 Zona C

### **OFICINAS**

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

